

Ricardo Carvalho Calero



EXPRESIÓN ORAL

1. Cal cres que pode ser a profesión deste home?
2. Onde cres que vivía?
3. Cal puido ser a súa paixón?
4. A que cidade lle gustaría ir?
5. Cantos libros se poden ver na imaxe?
6. Que libro che gustaría ler de todos os que hai na biblioteca?
7. Cal é o teu conto favorito?



LECTURA

Ricardo Carvalho Calero naceu en Ferrol no ano 1910. Gustáballe tanto aprender que cando comezou na escola xa sabía ler. Esta paixón pola lectura levouno a escribir diferentes pezas de teatro que, nos seus anos de mestre, representou co seu alumnado. No ano 1958 ingresa na Real Academia Galega e dende 1965 ata a súa morte vive na cidade de Santiago de Compostela.



ACTIVIDADES

1. Contesta as seguintes preguntas:

- Onde naceu Ricardo?
- Que sabía facer cando entrou na escola?
- Que lle gustaba escribir para que representase o seu alumnado?
- En que ano ingresou na Real Academia Galega?

TAREFA EXTRA

Cantos anos pasaron dende que foi membro da RAG ata que se foi vivir a Compostela?

ACTIVIDADES

2. Le e contesta **SI** ou **NON**

- Ricardo naceu en Santiago de Compostela
- Gustáballe facer banda deseñada (cómic)
- O seu apelido era Carvalho
- Aprendeu a ler aos 15 anos
- En 1965 mudouse á capital de Galicia



3. Completa estas frases con palabras da historia:

LER

ALUMNADO

CIDADE

APRENDER

TEATRO

- O mestre miraba como o _____ xogaba no patio.
- Os nenos de 5 anos xa saben _____ moi ben.
- Na _____ de Ferrol hai astaleiros moi importantes.
- O _____ Rosalía de Castro é dos máis fermosos de Galicia.
- A Pablo gústalle moito _____ cousas de Exipto.



ACTIVIDADES

4. Busca as seguintes obras de Ricardo Carvalho Calero na sopa de letras

ISABEL VIEIROS CEGOÑA RETICENCIAS FILLO
TRINITARIAS REDONDEL SCORPIO TUMBOS XEFES



5. Escribe os nomes das árbores que coñezas:

Carballo,

ACTIVIDADES

6. Rodea as palabras que gardan relación co teatro:

ACTOR	LÁPIZ	MÁSCARAS	MANTA
GARFO	CASA	GUIÓN	PRAIA
BATEA	DIÁLOGO	MESTRA	ACTRIZ
ESCENARIO	CAN	ACTO	GATO

7. Separa as palabras de cada frase:

- RicardonaceuenFerrol.
- Candocomezounaescolaxasabíaler.
- Escribiumoitaspezasdeteatro.
- ViviudurantetrintaecincoanosenSantiagodeCompostela.
- AsúaobramáiscoñecidachámaseScorpio



ACTIVIDADES

8. Encadena palabras:

Exemplo: goma - maleta - taladro - dromedario

SANTIAGO - - -

ALUMNADO - - -

MESTRE - - -

9. Escribe frases con estos grupos de palabras:

Exemplo:

FERROL TEATRO RICARDO

"Ricardo representou varias obras de teatro en Ferrol"


SANTIAGO EXCURSIÓN PARQUE

LUGO MESTRE GALEGO

ACTIVIDADES

10. Resolve o seguinte encrucillado:

A vida de Ricardo



Horizontales

- 2 Composición literaria en verso
- 4 Arácnido de abdome longo dividido en seis segmentos e rematado nun aguillón
- 5 Idioma falado en Galicia e nas zonas próximas de Asturias, León e Zamora
- 6 Persoa que ensina calquera tipo de materia

Verticales

- 1 Ave con patas, pescozo e peteiro moi longos que fai o niño en lugares altos.
- 3 Arte de representar en público obras dramáticas

1. CEGONA
2. POEMA
3. TEATRO
4. ESCORPIÓN
5. GALEGO
6. MESTRE